



GALICIA

ESTATUTOS DE AUTONOMÍA
1936 E 1981

PARLAMENTO DE GALICIA

Edita

Parlamento de Galicia

Asesoría documental

Consello da Cultura Galega

Asesoría fotográfica

Centro Galego de Artes da Imaxe

Tradución ao galego

Servicio de Publicacións do Parlamento de Galicia

Agradecementos

Congreso de los Diputados. Archivo

Gráfica

Imago Mundi Deseño

Imprime

Alva Gráfica

© Dos textos: os autores

Depósito Legal: C 1776-2011

ISBN: 978-84-7836-095-6

GALICIA

ESTATUTOS DE AUTONOMÍA

1936 E 1981



P R E S E N T A C I Ó N



O feito de que este ano coincida a celebración do 75 aniversario do plebiscito do proxecto de Estatuto de 1936 co 30 aniversario da promulgación, en 1981, do vixente Estatuto de autonomía de Galicia constitúe unha ocasión propicia para editar, nun único volume, e por vez primeira, estes dous textos.

Poucas obras resultan tan merecentes do patrocinio editorial da Cámara legislativa galega coma esta que o lector ten ao seu dispor.

Ao publicar nun único volume os textos do Estatuto do 36 (optouse pola edición facsimilar do texto editado pola Asemblea de Municipios e plebiscitado o 28 de xuño de 1936, dado que o rexistrado nas Cortes non se conserva) e do Estatuto en vigor (aprobado no referendo que tivo lugar o 21 de decembro de 1980 e que foi promulgado o 6 de abril de 1981) estamos saldando unha débeda coa nosa historia e co noso pobo. No caso do Estatuto en vigor, publícase un facsímile do documento asinado polo rei e a transcripción do texto publicado no entón *Boletín Oficial da Xunta de Galicia*.

Outra das novidades é que este volume inclúe a primeira tradución do Estatuto do 36 de acordo coa actual normativa da lingua galega, feito non menos significativo para unha Comunidade bilingüe como Galicia.

Este libro contribuirá a paliar, estou segura, o déficit de coñecemento que a gran maioría dos galegos acusamos en relación cos nosos procesos estatutarios, o incompleto do 36 e o felizmente promulgado no 81, que nos permitiu configurar a capacidade de autogoberno da que gozamos hoxe en día e que sitúa a Galicia entre os territorios con maior autonomía de toda Europa.

E sirva tamén este volume para render tributo a cantos participaron na elaboración dos diferentes textos estatutarios. Cada un deles, desde as súas lexítimas opcións ideolóxicas e persoais, contribuíu a construír a Galicia actual.

Tamén con eles debemos compartir o mérito de que, co paso do tempo, como moi ben explican Ramón Villares e Roberto Blanco Valdés nos seus textos, o feito autonómico se convertese nunha realidade cotiá en Galicia, tan enraizada nas nosas vidas que nin sequera reparamos nela.

O contido imperecedoiro deste título lévanos, por primeira vez na historia da institución que presido, a poñelo a disposición de todos os interesados no soporte convencional do papel, pero tamén como libro electrónico que se poida descargar desde a web do Parlamento de Galicia.

É o meu xeito de entender e de enlazar o pasado, reflectido nestes documentos históricos, co futuro cheo de oportunidades que nos ofrecen as tecnoloxías da información e da comunicación. A Galicia de onte, de hoxe e de mañá que se proxecta tamén a través dos novos soportes.

Quero expresar o noso agradecemento sincero aos que fixeron posible esta obra, de maneira especial ao Consello da Cultura Galega, e nomeadamente ao seu presidente.

E aos lectores que teñen este volume nas súas mans, o desexo de que contribúa a acrecentar o coñecemento da nosa historia, pero tamén o seu amor por Galicia.

Pilar Rojo Noguera

Presidenta do Parlamento de Galicia

CONTEXTO HISTÓRICO E POLÍTICO DOS ESTATUTOS DE AUTONOMÍA DE GALICIA. DA UTOPIÁ DE 1936 Á REALIDADE DE 1981

Ramón Villares

Presidente do Consello da Cultura Galega



A definición actual de Galicia como unha comunidade autónoma é resultado dun dobre proceso. Dunha banda, da configuración en España dunha nova planta territorial que parcialmente modifica a deseñada por Javier de Burgos en 1833 –remanecen provincias e deputacións provinciais, pero aparecen os réximes autonómicos–, levada a cabo pola transición democrática consagrada pola Constitución de 1978. Naceu daquela a denominada *España das Autonomías*, que, varios anos despois de ser aprobado o texto constitucional, acabaron por ser en número de dezasete. E, doutra banda, Galicia conta cunha autonomía de perfil específico, como corresponde a unha *nacionalidade histórica* das previstas no artigo segundo da Constitución española, por concorreren nela unha serie de factores que a asemellan aos casos de Cataluña e de Euskadi e que a distinguen do resto de autonomías existentes na España actual. A razón básica destas diferenzas está nos seus atributos etnoculturais (língua, cultura, dereito, etc.) e na perseveranza histórica na demanda dun réxime autonómico para o antigo Reino de Galicia.

As aspiracións autonomistas de Galicia teñen uns precedentes históricos ben recuados, xa postos de manifesto na época do federalismo decimonónico e no propio movemento rexionalista finisecular. A achega do federalismo foi importante nos tempos da I República, como o mostra o *Centro de Iniciativa para la Organización de Galicia*, lanzado polo alcalde de Compostela, J. Sánchez Villamarín, en 1873. Resultado deste labor dos republicanos federais foi a elaboración e aprobación, en 1883, dun *Proyecto de Constitución para el futuro Estado Gallego* que, sen ter aplicación práctica naquel tempo, ben se pode considerar como o máis claro precedente dos textos estatutarios do século XX. Foi un proxecto inspirado nas ideas de Pi e Margall, de carácter pactista, pensado para un posible acordo co resto dos Estados peninsulares. O rexionalismo político finisecular non chegou a redactar ningún texto normativo preciso sobre a autonomía galega, pero as organizacións rexionalistas, alentadas por Manuel Murguía ou por Alfredo Brañas, moitas veces en conexión coas colectividade da emigración americana, desenvolveron un notable labor de construción de símbolos identitarios de Galicia, como o Panteón de Galegos Ilustres (1891), o monumento aos Mártires de Carral (1904) ou a fixación do texto e da música do Himno Galego, obra conxunta de Eduardo Pondal e de Pascual Veiga.

Con todo, foi o nacionalismo político do movemento das Irmandades da Fala, constituído como tal na súa asemblea fundacional realizada en Lugo en novembro de 1918, o que formulou claramente a demanda dunha *autonomía integral* para Galicia, no contexto da crise política do estado da Restauración e da euforia nacionalista provocada pola doutrina de W. Wilson ao remate da Primeira Guerra Mundial. Esta corrente autonomista quedou detida pero non truncada co golpe de estado de 1923; pois a ditadura de Primo de Rivera alentou un dobre proceso político. En primeiro lugar, a recuperación do republicanismo como alternativa viable para facer fronte á crise do liberalismo oligárquico da época da Restauración; e, en segundo

lugar, reforzou a posición dos nacionalismos periféricos, cuxos símbolos e organizacións foron obxecto de persecución polo réxime ditatorial. A conxunción destes dous procesos decantouse nos anos 1929 a 1931 coa progresiva confluencia entre republicanos, socialistas e nacionalistas (cataláns e galegos e, en menor medida, vascos), que deste xeito contribuíron a traer o réxime republicano a España. O *pacto de San Sebastián*, subscrito no verán de 1930, exemplifica esta converxencia das forzas políticas antimonárquicas. A chegada da II República en 1931, despois dunhas eleccións municipais gañadas polos candidatos republicanos nas grandes cidades –incluídas as de Galicia–, abriu novas expectativas para un novo deseño do poder político en España que, para moitos coetáneos, consistía na chegada dunha república federal.

O ideario federal estivo presente en diversos actos de proclamación da República, nomeadamente no caso de Cataluña, pero este entusiasmo federal foi cortado de raíz aos poucos días polo Goberno provisorio da República. Ficou en pé a posibilidade de establecer réximes de autonomía nalgúns rexións, aceptados pola Constitución republicana de 1931, que definía España como un «Estado integral», unha forma alambicada para dicir que non era nin federal nin unitario. Con todo, a opinión maioritaria dos partidos republicanos era pouco favorable ás autonomías rexionais. De feito, as condicións previstas para acceder a un réxime autonómico eran moi severas, concretadas en catro grandes fitos. Elaboración e aprobación dun texto estatutario por parte dos parlamentarios da rexión; en segundo lugar, a súa aprobación pola maioría cualificada dos concellos; en terceiro lugar, aprobación por unha maioría de dous terzos do censo electoral (non dos votantes) e, finalmente, aprobación polas Cortes xerais. De feito, en tempos de paz, só a autonomía catalá superou todos estes trámites, ao ser aprobada polas Cortes republicanas en 1932, despois do intento golpista do xeneral Sanjurjo. E a autonomía vasca comezaría a funcionar de forma extraordinaria en outubro do 36, xa en tempos de Guerra Civil, mentres que o Estatuto galego, plebiscitado en xuño do 36, ficou nun limbo parlamentario do que a Guerra Civil e o exilio non lograron rescatalo enteiramente.

A defensa dunha alternativa autonomista para Galicia foi unha das grandes batallas políticas dos tempos republicanos. Esta batalla foi sostida basicamente por dous partidos políticos, ambos de dimensión estritamente galega pero de diferente matriz ideolóxica. O primeiro foi a Organización Republicana Gallega Autónoma (ORGA), fundada en outubro de 1929. Na súa aparición interviñeron moi activamente algúns membros das Irmandades da Fala do núcleo coruñés (Villar Ponte, Peña Novo) e unha das fraccións do poderoso republicanismo coruñés, representada por Santiago Casares Quiroga. En virtude dos acordos tomados no pacto de Lestrove (marzo de 1930) polos partidos e correntes republicanas existentes en Galicia, Casares Quiroga estivo presente no pacto de San Sebastián realizado no verán de 1930, o que lle concedeu a oportunidade de formar parte do núcleo dirixente do republicanismo e facilitou o seu acceso ao Goberno provisorio da II República, primeiro como ministro de Mariña e logo de Gobernación, durante todo o primeiro bienio azañista. Aínda que, a partir do seu acceso ao Goberno, Casares Quiroga se desentendeu parcialmente da cuestión autonomista, a contribución do republicanismo de esquerdas foi decisiva para a organización do Comité de Autonomía e para levar a cabo os dous primeiros requisitos do proceso, especialmente o da aprobación polos concellos dun texto estatutario, onde a ORGA gozaba de grande influencia ao controlar algunhas das deputacións provinciais (A Coruña e Lugo) e as alcaldías de cidades importantes, comezando pola de Compostela, onde tivo lugar a Asemblea de Municipios, en decembro de 1932.

O segundo e decisivo brazo político do proceso autonomista de Galicia foi o desempeñado polo Partido Galeguista (PG), fundado en decembro de 1931 nun proceso de confluencia de moi diversas organizacións de carácter galeguista e nacionalista. No momento da súa fundación, o PG xa incorporara ás súas filas dous de-

Portada da publicación *Exposición presentada pol-a poñenza encargada de redactar o Anteproyecto de Estatuto da Galiza*, Seminario de Estudos Galegos, 1931



Reunión en 1936, presidida por Luís Iglesias Iglesias, dos membros das distintas seccións do Seminario de Estudos Galegos, institución que fixo contribucións fundamentais na redacción do Estatuto de autonomía



putados nas Cortes republicanas, como eran Ramón Otero Pedrayo e Alfonso D. Castelao. Outros políticos de tradición nacionalista, como Antón Villar Ponte ou Ramón Suárez Picallo, farano máis tarde. Nas tarefas de organización interna do partido e no deseño da estratexia estatutaria desempeñou un papel decisivo o ourensán Alexandre Bóveda. As bases sociais do PG foron, nos seus inicios, as propias das correntes galeguistas de entón: mesocracia urbana e profesionais cultos, moitos deles vinculados ao ensino e ao xornalismo. Pero a partir de 1933, o PG transfórmasse nun movemento político de carácter masivo, con varios milleiros de afiliados, presenza notable entre o campesiñado e unha sección xuvenil especialmente activa, como eran as *Mocedades Galeguistas*, nas que se formaron algúns dos futuros líderes do galeguismo de posguerra (Fernández del Riego, X. Illa Couto, Ramón Piñeiro).

A elaboración dun texto de Estatuto de autonomía comezou na primavera de 1931, poucas semanas despois da proclamación da República e, desde logo, antes de que se aprobase a Constitución de 1931. Seguíase neste caso, como en moitos outros aspectos, o exemplo de Cataluña, que se adiantara coa redacción do chamado Estatuto de Nuria. No caso de Galicia, foron varios os borradores de Estatuto redactados que serviron de base para a discusión na asemblea realizada en xuño de 1931 na cidade da Coruña, promovida polos republicanos da ORGA, na que tivo un gran protagonismo o antigo dirixente das Irmandades Lois Peña Novo. Os principais borradores estatutarios eran tres: o do Instituto de Estudos Galegos d'A Coruña, o do Secretariado de Galicia en Madrid e o do Seminario de Estudos Galegos (SEG). O texto máis próximo a unha concepción republicana federal era o do SEG, elaborado por Paz-Andrade, A. Bóveda, V. Risco, Lois Tobío e R. Carballo Calero, no que se definía Galicia como un «Estado libre» dentro da «República federal española», fórmula análoga á empregada por Macià na súa alocución do 14 de abril na praza de Sant Jaume. A proposta do SEG non foi aceptada pola asemblea, que aprobou outro texto, inspirado basicamente pola Federación Republicana Gallega (FRG), herdeira da ORGA, que apostaba pola definición de Galicia como un «Estado autónomo» dentro da «República española». Foi o texto que serviu de base para que os parlamentarios saídos das urnas constituíntes de xuño do 31 o adaptasen á legalidade prevista pola Constitución republicana, nunha nova asemblea realizada na cidade d'A Coruña en outubro de 1931, alentada polo deputado mozo Emilio González López, xa daquela alto cargo da Administración republicana.

A xestora da Asemblea de Municipios, presidida por Raimundo López Pol, reunida no Pazo de Raxoi en Santiago de Compostela, en 1932



Portada do *Reglamento de la Asamblea de Municipios*, Tipografía El Eco de Santiago, 1932



A partir de aquí, comeza realmente o proceso de aprobación do Estatuto de autonomía, repleto de incidencias e obstáculos, tanto legais como políticos. O máis sinalado, a propia reticencia cara á autonomía de gran parte das forzas políticas da época, desde as dereitas non republicanas –que rexeitaron de forma sistemática o autonomismo– ata o amplo abano dos republicanos radicais, radicais-socialistas e dos partidos obreiros, que, en xeral, se desentenderon desde outubro de 1931 da cuestión autonomista galega. Unha parte do republicanismo coruñés, liderada por César Alvajar coa agrupación *A la Tercera República*, fixo bandeira da loita contra o autonomismo e o que acumaban de «Estatuto caciquil». A pesar diso, durante o ano 1932 tivo lugar a aprobación do Estatuto polos municipios de Galicia. O Concello de Santiago de Compostela, desde abril dese ano, comandou o proceso de organización da Asemblea de Municipios, que finalmente tivo lugar en decembro daquel ano nos locais da Universidade. O alcalde republicano López Pol e o concelleiro conservador Rajoy Leloup desenvolveron un intenso traballo de persuasión das institucións locais para que se retomase o proceso estatutario.

Era preciso redactar un novo texto a partir dos traballos anteriores. Este anteproxecto de estatuto foi elaborado por unha comisión presidida por Cabeza de León e logo sometido a información pública de concellos, partidos políticos, corporacións e particulares durante varios meses, que presentaron un total de 50 emendas. Unha nova redacción do texto foi sometida á asemblea de concellos reunida de novo en Compostela no Nadal de 1932, onde foi aprobado por unha maioría esmagadora: mostráronse «conformes» o 77% dos concellos galegos, que representaban o 84,7% da poboación. Un apoio externo esencial para aquela mobilización a favor do Estatuto foi o procedente das colectividade galegas da emigración, ás que, como recoñecemento simbólico, se informou por vía telefónica da aprobación do texto estatutario. Alén do protagonismo acadado por dirixentes composteláns como López Pol, Rajoy Leloup ou o reitor Rodríguez Cadarso, apareceron novas figuras naquel proceso estatutario, como os pontevedreses Alexandre Bóveda (galeguista) e Bibiano Fernández Osorio-Tafall (republicano). Para coidar dos pasos ulteriores do proceso estatutario foi creado daquela un Comité Central de Autonomía, composto basicamente por representantes de partidos políticos e por cargos institucionais. O seu presidente foi Osorio-Tafall e o secretario, Rajoy Leloup. Logo, na fase final de 1936, o seu presidente sería J. López Bouza, tamén presidente da Deputación Provincial coruñesa.

Aprobado o Estatuto polos concellos, o paso seguinte era a consulta do electorado, para o que se precisaba autorización expresa do Goberno central para convocar o plebiscito. A autorización foi dada, non sen reticencias, en maio de 1933 polo Goberno republicano, no que Casares Quiroga estaba á fronte do Ministerio da Gobernación, e deixouse ao Comité de Autonomía a fixación da data do plebiscito. Pero o clima político do verán de 1933 inclinou ao propio Comité a propoñer un adiamento do plebiscito, que finalmente se substanciou na reunión do 3 de decembro de 1933, ao decidiren «aplazar *sine die* y mientras las circunstancias lo aconsejen, el plebiscito del Estatuto». Esas circunstancias foron as eleccións xerais de 1933, nas que gañaron amplamente as forzas de dereita (republicanos de Lerroux e a CEDA de Gil-Robles), que se viñan manifestando contrarias aos réximes autonómicos.

O proceso estatutario galego ficou, pois, adiado durante máis de dous anos, perante o perigo plausible de que se perdese o plebiscito, como sostiñan os republicanos e moi claramente Casares Quiroga. Os galeguistas eran moito máis optimistas. Castelao sostiña daquela (tese que reiterou logo no *Sempre en Galiza*), que «o trunfo depende dun home somentes: Casares Quiroga. Si quiere Santiago [Casares Quiroga] nós poderemos presentar axiña o noso Estatuto nas Cortes», tal como lle comenta a Alexandre Bóveda (carta 14/8/1933), ao que lle escribe desde Barcelona, onde acababa de se entrevistar con Francesc Cambó e Francesc Macià, daquela presidente da *Generalitat* catalá. Con todo, hai que recoñecer que o verán de 1933 non era o máis axeitado para gañar un plebiscito, cun Goberno azañista á deriva e unha dereita republicana ou católica totalmente remontada despois da súa desfeita electoral de 1931. O propio Comité de Autonomía deixou constancia destas dificultades nas súas numerosas reunións mantidas durante todo o ano 1933.

Nas eleccións da Fronte Popular, de febreiro de 1936, os resultados foron favorables ás posicións autonomistas, dado que o setenta por cento dos deputados (desde os centristas de Portela ata os socialistas e comunistas) eran partidarios da autonomía. Pero a aposta máis decisiva a favor do proceso autonómico foi dada polo Partido Galeguista, que, nunha viraxe estratéxica conducida por Castelao e Bóveda, acordou subscribir un pacto cos republicanos de esquerda e partidos obreiros para a súa incorporación á coalición electoral da Fronte Popular, o que lle custou unha minoritaria escisión pola súa dereita, a *Dereita Galeguista* de Risco, Filgueira e outros sinalados militantes. A vía libre para convocar o plebiscito estatutario ficaba aberta.

Na primavera do 36 retómase o proceso estatutario, coa recuperación do Comité Central de Autonomía e a organización da campaña de propaganda a favor da súa plebiscitación polo censo electoral. O día marcado para a votación foi o 28 de xuño de 1936. Unha breve pero moi intensa campaña, na que se implicaron con entusiasmo republicanos e galeguistas, procurou mobilizar o electorado. Un dos compoñentes máis emblemáticos daquela campaña foi tamén a participación de artistas para faceren carteis a favor do voto favorable ao Estatuto, desde o propio Alfonso Castelao, Camilo Díaz Baliño ou J. López Bouza (*Zeus*) ata mozos como Luís Seoane ou Isaac Díaz Pardo. O resultado da votación superou claramente as esixencias constitucionais: o 74% do censo electoral aprobou o Estatuto, cun 99% de votos afirmativos. Aínda que existen fundadas dúbidas sobre a limpeza daquela votación, a data do plebiscito do Estatuto ten un alto valor simbólico na historia da autonomía de Galicia porque, a pesar de que o estalido da Guerra Civil impediu a súa tramitación ordinaria nas Cortes republicanas, serviu de precedente para os debates constitucionais da transición democrática, como logo se verá.


Nun breve balance do proceso estatutario podería dicirse que, ata a fase de aprobación polos municipios, o protagonismo político esencial foi dos republicanos autonomistas, algúns de raíz e tradición nacionalista como Villar Ponte ou Peña Novo, que pilotaron a vida política de toda Galicia ata 1933. Os participantes nas comisións redactoras, os membros das asembleas estatutarias, os integrantes do Comité Central de Au-

tonomía son, de forma esmagadora, de filiación republicana non nacionalista ou mesmo galeguista. En troques, a segunda fase do proceso estatutario foi protagonizada esencialmente polo nacionalismo político agrupado no Partido Galeguista, que apostou pola coalición da Fronte Popular na procura dun benfeito maior, que era retomar o camiño estatutario interrompido en 1933. Foi unha mostra de coraxe política pero tamén de confianza nas institucións republicanas e do emprego dunha vía legal (lonxe do extremismo político da época) para lograr os seus obxectivos estratéxicos. Porén, o triunfo do plebiscito de xuño de 1936 non pode ser atribuído a ningunha forza política en exclusiva. Foi obra dunha importante alianza entre o nacionalismo e o republicanismo, que superou así as retesías de 1933, pero tamén foi consecuencia da situación favorable que se deu na política española da altura. Aínda que a socialistas e forzas de esquerda lles repugnasen os nacionalismos, ben por anticlericalismo ou ben por unha concepción nacional unitaria, o certo é que tamén o seu concurso foi decisivo para encarar a fase final do Estatuto galego de 1936.

O curso seguido polo texto estatutario galego despois da súa aprobación plebiscitaria foi menos feliz do que facía imaxinar o entusiasmo daquel día, logo lembrado por Castelao, no seu exilio porteño, como unha peculiar *Alba de Groria*. O día 15 de xullo, unha ampla representación do autonomismo galego fixo entrega oficial do Estatuto ao presidente das Cortes republicanas, D. Martínez Barrio, pero o inicio da Guerra Civil despois do fracasado golpe militar adiou de novo a súa tramitación parlamentaria. Pola teimosía de Castelao e pola habilidade de González López puido ser recuperado nos arquivos oficiais de Madrid o texto do Estatuto galego para ser presentado á sesión de Cortes realizada na abadía de Montserrat en febreiro de 1938, onde, en palabras do presidente das Cortes, se di que «ha sido presentado a la Mesa, cumpliendo todas las formalidades reglamentarias, el Estatuto de la región gallega». O contexto bélico non permitiu que se constituíse a preceptiva comisión parlamentaria para o seu estudo, o que só acontecería sete anos máis tarde, nas sesións realizadas en México a finais de 1945, coa creación da «Comisión del Estatuto Gallego» e a aceptación explícita de que «Galicia dejó expresada su voluntad de autonomía en el texto del Estatuto plebiscitado y aprobado por el pueblo gallego». Era a mellor confirmación do valor político que tivera a xornada do 28 de xuño de 1936, non por acaso conmemorada no exilio de Bos Aires como un auténtico Día de Galicia canda o máis tradicional 25 de Xullo. O de México foi un triunfo simbólico pero de singular eficacia pois permitiu homologar a Galicia no concerto *galeuzcano* formado con Cataluña e con Euskadi no marco do exilio republicano. Un resultado evidente desta homologación foi o nomeamento de Castelao como ministro do Goberno republicano do exilio presidido en París por J. Giral (1946/1947) e, desde logo, ese valor simbólico será recuperado nos debates constitucionais e estatutarios a partir de 1977.

* * *

Da utopía soñada e medio realizada de 1936 damos un chimpo cara aos tempos da transición democrática, nos que finalmente colleu forma un novo texto estatutario, aprobado en 1981, que é o fundamento normativo do actual réxime autonómico de Galicia. Pero o contexto histórico e o marco político nos que nace este Estatuto son substancialmente distintos dos do seu antecesor dos tempos republicanos. Mudaron os actores políticos, mudou o texto constitucional do que o Estatuto pende e mudou o réxime político que o abrangue: no canto de república, unha monarquía parlamentaria resultado dunha transición democrática pactada. Para encadrar historicamente este segundo camiño cara a un Estatuto, deixarei á beira as referencias ao marco xeral estatal para reparar brevemente sobre o contexto propiamente galego.



Portadas de distintas publicacións sobre o Estatuto de Galicia (1932)

Malia a importancia que, como precedente, podería ter o proceso estatutario republicano galego para o debate político na Galicia da época franquista, a relevancia concedida ao chamado daquela *Estatuto do 36* foi certamente desigual e tivo un rexeitamento expreso por parte do «novo nacionalismo» e unha aceptación non moi entusiasta por parte da tradición galeguista actuante no interior. A posición do resto das correntes políticas non nacionalistas, coa excepción do Partido Comunista de Galicia (PCG), atopábase moi distante da tradición autonomista, polo menos ata a morte de Franco. Tan só as organizacións e figuras que remanecían no exilio, desde Nova York, México ou Caracas ata Bos Aires e Montevideo (Emilio González López, Osorio-Tafall, Silvio Santiago, Rodolfo Prada ou Manuel Meilán), continuaron acreditando no valor daquel Estatuto do 36 e na súa utilidade para organizar o réxime autonómico de Galicia no novo marco político aberto pola Constitución de 1978.

A comezos dos anos setenta o panorama político de Galicia estaba articulado arredor duns incipientes partidos políticos que, ademais de actuaren na clandestinidade, carecían de arraigamento social e de tradición organizativa, dada a ruptura que representou a guerra e o exilio. Das grandes organizacións de preguerra, como foran os partidos de Casares Quiroga e de Castelao (ORGA ou PG), apenas quedaba máis que unha vaga lembranza. Novas organizacións políticas comezaron a aparecer nos anos sesenta, ben como expresión dun novo nacionalismo (PSG e UPG) ou ben como versión galega do PCE. O traballo de oposición ao franquismo descansou basicamente nestes dous grandes actores políticos, o que deu orixe a un enfrontamento sistemático entre nacionalistas («pexegos» e «upegallos») e comunistas (tamén alcumados como «españoleiros»). As diverxencias derivaban non só da súa voracidade organizativa despregada sobre un espazo político fronteirizo ou común, senón tamén das estratexias que había que seguir no posfranquismo, ao actuar a cuestión nacional como un factor de diferenciación.

Tras a morte de Franco e, sobre todo, despois da chegada ao poder de Adolfo Suárez en xullo de 1976, a oposición de esquerdas non nacionalista acabará formando unha plataforma unitaria, a *Táboa Democrática* (xullo de 1976), na que estaban presentes tanto o PCG como o PSOE e outros pequenos partidos. A súa al-



Reunión de parlamentarios galegos co ministro Clavero Arévalo sobre o tema autonómico, en outubro de 1977

ternativa foi a negociación co Goberno Suárez durante os meses anteriores á convocatoria das eleccións parlamentarias de 1977. Pola súa banda, as forzas políticas nacionalistas seguiron basicamente outra estratexia arredor da transición. A súa capacidade mobilizadora incrementouse moito durante os anos finais do franquismo e nos primeiros meses da transición, a través dunha mesta rede de agrupacións culturais, estudantís e campesiñas e da creación, en abril de 1975, dunha organización apartidaria de masas, a Asemblea Nacional Popular Galega (ANPG), aínda que con gran protagonismo nela da UPG. A alternativa defendida foi rexeitar toda negociación da Reforma política, propoñendo en cambio unha ruptura que recoñecese o dereito de autodeterminación de Galicia e unha organización confederal de España. O texto que recolle estas posicións son as *Bases Constitucionais* e a súa expresión política é o Consello de Forzas Políticas Galegas, creado en xaneiro de 1976, coa UPG e o PSG como principais protagonistas, ademais doutros partidos menores. En substancia, pois, os grandes eixes de confrontación política daqueles convulsos anos de transición foron nacionalismo contra españolismo e reforma ou ruptura como estratexia de saída da ditadura franquista e para a construción dun réxime democrático.

A dinámica da transición española foi, non obstante, moi rápida a partir da aprobación da Lei de reforma política en decembro de 1976, que reforzou as posicións reformistas do Goberno de Suárez e acelerou o proceso de negociación coa oposición. Chegouse así a unha *ruptura pactada*, en certo modo escenificada pola Comisión dos Nove, da que formou parte o galeguista Valentín Paz-Andrade, unha figura que pertencera no seu día ao Partido Galeguista da II República e que participara na creación da Xunta Democrática de Galicia. Foi a única presenza de Galicia en todo o proceso político previo ás eleccións do ano 77, aínda que a súa dimensión foi pouco máis que simbólica, xa que a diferenza de Cataluña e Euskadi estaba máis a título persoal que como representante de organizacións políticas ou da vella lexitimidade institucional da época republicana, que no caso de Galicia se reducía ao Consello de Galiza, constituído en América en 1944 por Castelao e outros deputados republicanos, pero nunca recoñecido plenamente no interior, nin polos galeguistas do grupo Galaxia nin polos dirixentes do novo nacionalismo.

Ademais dos partidos políticos que procedían da clandestinidade e da loita contra o franquismo, a transición democrática estimulou a aparición de organizacións novas, sobre todo no ámbito da dereita e do centro

político, que acabaron desembocando nos dous grandes partidos fundados en 1977, de cara ás eleccións parlamentarias de xuño. Por unha parte, Alianza Popular (AP), fundada por Fraga Iribarne, que en Galicia acolleu unha parte significativa de cadros políticos do franquismo. E, por outra, a Unión de Centro Democrático (UCD), coalición política na que se integraron tanto o Partido Gallego Independiente (PGI), fundado por J. L. Meilán en 1976, como moitos outros políticos de longa experiencia (Pío Cabanillas, Antonio Rosón ou Euloxio Gómez Franqueira), que lograron dominar as estruturas políticas e electorais de cada unha das provincias galegas. Outros partidos centristas e galeguistas, como o Partido Popular Galego ou o Partido Galego Social-Demócrata, xurdidos tamén nestes anos, non lograron consolidarse.

Con este panorama político, preparáronse as eleccións ás Cortes de xuño de 1977. A formación de candidaturas foi tarefa complicada pola diversidade de opcións que se presentaban. Malia que houbo intentos de establecer coalicións de carácter político amplo, no marco do *Documento dos 29*, subscrito por outros tantos representantes do mundo da cultura en marzo de 1977, esta alternativa concreouse só nas eleccións ao Senado, a través dunha Candidatura Democrática Galega apoiada por partidos de esquerda, na que se presentaron figuras como Ramón Piñeiro, Fernández del Riego, S. Martínez-Risco, Isaac Díaz Pardo, Celso Montero, M. Iglesias Corral ou V. Paz-Andrade. Só estes tres últimos obtiveron a condición de senadores, aos que se engadiu a figura de D. García-Sabell, designado directamente polo monarca.

Os resultados electorais de 1977 foron contundentes e, en certo modo, inesperados. O partido gobernamental da UCD acaprou a representación política de Galicia, con 20 escanos, dos 27 que entón estaban en liza, ademais da maioría dos senadores de elección popular. Os outros escanos repartíronse entre o PSOE, que obtivo tres, e AP, que logrou catro, un por cada provincia, que supoñían a cuarta parte de todo o grupo parlamentario de Fraga no Congreso dos Deputados. Os partidos nacionalistas así como o PCG e outros grupos de esquerda non obtiveron representación parlamentaria. O mapa político que se debuxa en 1977 é claramente de centrodereita, situación que con escasos matices revalidaron as eleccións xerais e locais de 1979. Ese ano a UCD perdeu tres escanos a favor do PSOE, mantivo as súas posicións o partido de Fraga, agora denominado Coalición Democrática, mentres que as catro deputacións provinciais foron parar ás mans da UCD, así como a maioría dos municipios, coa excepción das dúas grandes capitais de Vigo e A Coruña, nas que unha efémera coalición electoral (Unidade Galega) acadou un pacto de goberno co PSOE.

De forma paralela á propia transición política, comezou a organización do réxime autonómico e a formularse un sentimento autonomista, que tivo a súa maior expresión nas manifestacións a favor da autonomía en decembro de 1977, que reuniu medio millón de persoas nas principais capitais galegas. En abril de 1978 créase unha Xunta de Galicia provisoria, composta por once membros, que comezou a xestionar as primeiras competencias transferidas a partir do Goberno central e a organizar a elaboración dun Estatuto de autonomía. Aínda que inicialmente se presumía que sería Pío Cabanillas, foi elixido presidente desta Xunta preautonómica o deputado centrista lugués Antonio Rosón, quen apostou por unha estratexia de carácter galeguista no exercicio do seu cargo, que durou ata mediados de 1979, ano en que foi substituído polo ourensán, tamén centrista, Xosé Quiroga Suárez.

O primeiro obxectivo da preautonomía era pilotar a elaboración dun novo Estatuto, de acordo coas previsións establecidas na Constitución e de forma paralela ao proceso desenvolvido en Cataluña e Euskadi (Estatutos de Sau e de Gernika), xa concluídos a finais de 1978. En Galicia, o primeiro anteproxecto de Estatuto foi elaborado por unha comisión moi plural (*Comisión dos 16*), composta por 8 membros da UCD, 2 do PSOE, 2 de AP e outros 4 de partidos non parlamentarios [PCG, PG, Partido Obreiro Galego (POG) e Par-

tido do Traballo de Galicia (PTG)]. O texto inspirábase en boa medida no Estatuto catalán, ademais de facer a lectura máis favorable para a autonomía do texto constitucional xa daquela aprobado. Este anteproxecto foi parcialmente modificado pola Asemblea de Parlamentarios de Galicia, dominada por unha maioría de membros da UCD (12 dun total de 18 compoñentes), anunciando o xiro dado polo partido gobernamental en materia autonómica, ao tratar de converter o Estatuto de Galicia nunha ocasión propicia para practicar a chamada «racionalización autonómica», que supoñía facer unha cesura entre as autonomías catalá e vasca das do resto de España.

Entregado o proxecto de Estatuto galego nas Cortes españolas o 28 de xuño (data ben simbólica), a súa discusión non comezaría ata outubro de 1979. Desde aquela, o proceso seguido polo texto estatutario estivo cheo de dificultades tanto políticas como propiamente parlamentarias, ata o punto de se demorar máis dun ano a súa aprobación en referendo popular e a súa posterior aprobación polas Cortes españolas. O primeiro conflito serio tivo lugar na súa discusión dentro da Comisión Constitucional, na que se pon de manifesto unha clara diferenza entre os deputados galegos da UCD e os representantes das posicións do Goberno Suárez. Tras unhas tensas sesións de debate, o resultado final, cos votos en solitario dos deputados de UCD (28 votos a favor e 19 en contra, ademais de varias ausencias significativas, tanto de AP como das minorías nacionalistas), reflicte un texto moito máis restritivo, en materia de competencias, do que entrara na Comisión. O punto máis conflictivo estaba na disposición transitoria terceira, que deixaba en mans das Cortes a decisión futura sobre asuntos competenciais que nos textos dos Estatutos de Cataluña e Euskadi se atribuían aos seus órganos autonómicos. Era a plasmación daquela «racionalización autonómica», defendida por amplos sectores dos dous grandes partidos (UCD e PSOE) e por influentes medios de comunicación, como o diario *El País*.

O segundo episodio importante no proceso estatutario desenvolveuse a partir desta aprobación parlamentaria (novembro de 1979), cunha importante mobilización social e política na que participaron dirixentes socialistas, comunistas e galeguistas. Foi a campaña contra o *Estatuto da aldraxe* e de defensa da «dignidade» de Galicia, que provocou encerros nas alcaldías, manifestacións na rúa e unha infinidade de protestas contra a política autonómica da UCD, entre as que cabe destacar un duro manifesto asinado por 25 personalidades galegas, encabezadas por D. García-Sabell. O Estatuto galego entrou nunha situación de *impasse*, de modo que, para facelo viable, era preciso afrontar a súa reformulación ou revisión. Unha das primeiras forzas políticas en advertilo foi, precisamente, Alianza Popular, que na súa *Declaración de Cambados* (febreiro de 1980) apostaba por unha reforma do texto aprobado no Congreso, conciliando a posición antiautonomista de Fraga cos novos enfoques dun mozo político, X. L. Barreiro Rivas, que ía ter un gran protagonismo nas primeiras fases da autonomía galega. A vía da negociación, pola que avogaba tamén de forma clara o colectivo de intelectuais agrupado arredor de *Realidade galega* dado a coñecer en marzo do mesmo ano, foise abrindo paso como a única saída.

Pola súa banda, a fortaleza do Goberno da UCD de Suárez vírase claramente fendida polos resultados do referendo de Andalucía (febreiro de 1980) e pola moción de censura presentada polo PSOE poucos meses despois. A cuestión galega entrou na axenda política do Goberno ucedista, ata o punto de que o propio Adolfo Suárez consome parte das súas vacacións estivais de 1980 na costa galega. O partido da UCD comeza a preparar a revisión do Estatuto, aceptando unha reunión de amplos sectores políticos con este fin, na que participaron, ademais da UCD, representantes dos partidos de AP, PSOE, PCG e PG, que lograron devolver á Comisión Constitucional do Congreso dos Deputados un novo texto estatutario. Foi este o resultado máis visible dos *Pactos do Hostal*, aprobados en setembro de 1980, nos que se acordou unha revisión do Estatuto



Primeira reunión negociadora sobre o Estatuto no Hostal dos Reis Católicos, o 13 de setembro de 1980, con máis de trinta representantes de partidos políticos

naqueles puntos máis conflictivos ou aldraxantes (competencias recortadas na Disposición transitoria terceira e fixación do límite do 3% do censo para acceder á cámara autonómica, en vez do 5% inicial). Estes acordos achaiaron o camiño para a seguinte fase do proceso estatutario, que era ser sometido á súa aprobación en referendo popular.

A campaña plebiscitaria contaba, en principio, con bos augurios, dada a posición favorable á súa aprobación da maioría das forzas políticas, agás do Bloque Nacional-Popular Galego (BN-PG), que rexeitaba a opción estatutaria, e do Partido Obreiro Galego (POG), que non estaba en contra do proceso autonomista senón deste Estatuto en concreto. Os resultados, con todo, foron desastrosos. Convocado o referendo para o día 21 de decembro, a abstención electoral foi a maior producida en calquera consulta realizada en Galicia desde o século XIX (máis do 70% do censo), aínda que os votos afirmativos foron claramente maioritarios (un 73%). O Estatuto galego, despois de tantas peripecias, foi aprobado oficialmente en abril de 1981, pero nacía orfo de calor popular e sen a lexitimidade que podería achegar a memoria histórica do plebiscito de 1936. Aínda que a maior parte dos partidos políticos que actuaban en Galicia estaba a favor da autonomía, a súa confianza nela era moi baixa. E o principal responsable político do proceso, o partido da UCD, estaba nun proceso de descomposición interna que se trasladou ao proceso estatutario galego. O custo daquela «racionalización autonómica», agravado coa aprobación da LOAPA elaborada despois do fracasado golpe de Estado do 23-F, acabouno pagando case en exclusiva o partido centrista, que tería moi axiña en Galicia o seu primeiro gran revés electoral. Foi nas primeiras eleccións autonómicas galegas de outubro de 1981, coas que principiou a aplicación efectiva do Estatuto de autonomía.

* * *

Pasaron xa trinta anos da aprobación do actual Estatuto e setenta do plebiscito de 1936. Un tempo suficiente para ollar en perspectiva ambos os procesos e subliñar os seus puntos en común e tamén algunha das diferenzas de contexto histórico e político no que delambos xurdiron. Resulta evidente que o nivel competencial e, sobre

todo, a vía de acceso máis rápido que caracteriza o actual Estatuto galego no marco autonómico español están relacionados co precedente do plebiscito de 1936 e coa defensa que del fixeron os galeguistas do exilio, basicamente a través do Consello de Galiza. Pero o Estatuto de 1981 non é un resultado específico da vixencia dunha memoria republicana nin un recoñecemento do legado do exilio, que pouco houbo disto nos tempos da transición á democracia. Foi sobre todo unha consecuencia da reivindicación que as elites galegas, a través da acción cultural ou do traballo político e sindical, mantiveron a favor da lingua, da cultura e da identidade galegas. O feito de que esta demanda fose protagonizada en gran parte polo novo nacionalismo, que defendía unha estratexia de ruptura e combatía a solución autonomista no nome da autodeterminación (*Estatuto nunca máis*, *Bases constitucionais* como slogan político), non foi impedimento, máis ben ao contrario, para que se consolidase no panorama político galego a autonomía como unha alternativa viable. O autonomismo, no canto de se debilitar, saíu reforzado daquel combate.

Este contexto histórico da época da transición presenta, por tanto, moitas diferenzas cos tempos republicanos. Naquela altura, o «bloque autonomista» estivo composto basicamente polos republicanos de esquerda e polos nacionalistas amparados baixo o gran paraugas do Partido Galeguista, fronte ao antiautonomismo da dereita católica e mesmo de sectores republicanos radicais-socialistas. O plebiscito de xuño de 1936 e as posteriores peripecias do texto estatutario na Guerra Civil e no exilio tiveron como protagonistas relevantes a Alfonso Castelao ou Alexandre Bóveda, pero tamén a dirixentes republicanos como E. González López ou B. Osorio-Tafall. Pola contra, no «bloque autonomista» dos anos setenta estivo ausente case todo o novo nacionalismo aparecido no tardofranquismo, de modo que a maioría dos defensores do Estatuto de autonomía, desde a Comisión dos 16 ata a súa aplicación práctica nos primeiros pasos da autonomía, pertencía –coa excepción do PG e do POG– ao conxunto de partidos e forzas políticas daquela chamadas «españoleiras», que, de forma progresiva, se foron incorporando ao campo do autonomismo.

Este perfil de actores políticos nos dous procesos autonómicos é, en termos comparativos, o máis singular das tres *nacionalidades históricas* pois tanto en Cataluña como no País Vasco houbo continuidade, polo menos parcial, de partidos e mesmo de dirixentes dos tempos republicanos nos anos da transición, desde os vascos Ajuriaguerra e Leizaola ata os cataláns Tarradellas e Heribert Barrera. O caso galego foi, neste sentido, claramente rupturista co seu pasado republicano e coa súa tradición política, tanto no repudio nacionalista do *Estatuto do 36* como no escaso apoio social e político que logrou un renacido Partido Galeguista, mesmo por parte de antigos militantes seus. A transición democrática en Galicia caracterízase, pois, por unha situación de «anomalía» ou diferencialismo tanto en relación cos casos catalán e vasco como coa súa propia tradición autonomista da época republicana.

Esta anomalía merece ser tida en conta á hora de analizar a xenealoxía política e moral do sistema autonómico vixente, pero en termos políticos actuais xa é certamente auga pasada. A posta en funcionamento do réxime autonómico foi modificando progresivamente actitudes e posicións tácticas dos diferentes actores políticos no campo da autonomía. Como no seu día as provincias fomentaron o provincialismo, as autonomías na España democrática fomentaron o autonomismo. E tal foi o que aconteceu en Galicia, onde a capacidade de incorporación e de inclusión de «accidentalistas» ou non autonomistas ao sistema autonómico foi notable. De feito, o partido que defendera nos debates constitucionais as posicións máis críticas contra o Título VIII da Constitución foi non só o que deu un xiro táctico precoz respecto do debate estatutario senón tamén o que pilotou boa parte da Administración autonómica desde 1981 ata a actualidade, desempeñando a Presidencia da principal institución de goberno autonómico durante vinte e catro dos trinta anos transcorridos

(X. Fernández Albor [1982-1987], M. Fraga Iribarne [1990-2005], A. Núñez Feijoo [2009-]), só interrompidos por dúas coalicións presididas por dirixentes do PSOE (F. González Laxe [1987-1989] e E. Pérez Touriño [2005-2009]). E, por outra banda, as posicións radicalmente antiautonomistas defendidas polo primeiro BN-PG e, desde 1982, polo BNG foron mudando, nun «longo e tortuoso camiño», cara a unha participación plena nas institucións autonómicas, incluída a súa presenza no Goberno bipartito durante os anos 2005-2009. A forza inclusiva do sistema autonómico é a mellor imaxe que se pode ofrecer da dinámica política aberta polo Estatuto de autonomía de 1981.

A LONGA VIAXE DA DESCENTRALIZACIÓN: TRES CONSTITUCIÓN, DOUS ESTATUTOS

Roberto L. Blanco Valdés
Catedrático de Dereito Constitucional

Entre a data de promulgación da primeira Constitución da nosa historia, a gaditana, o 18 de marzo de 1812, e a aprobación polo pobo en referendo, o 6 de decembro de 1978, da que agora rexe a vida nacional transcorreron en España 166 anos e 262 días de continuo tecer e destecer constituínte. A mellor proba de cargo contra tan longa e conflitiva inestabilidade política e social é que nese tempo, que semella o de condena por un gravísimo delito, aprobáronse no país, ademais das citadas, seis Constitucións (as de 1834, 1837, 1845, 1869, 1876 e 1931), textos aos que habería que engadir, para completar tan peculiar pano de Penélope, dúas leis máis que, debatidas polas Cortes, non chegaron a aplicarse: a chamada Constitución *nonnata* de 1856 e o coñecido como Proxecto de Constitución Republicana Federal de 1873. Este último foi, non obstante, o primeiro en tratar de resolver un problema –o territorial– que habería logo de acompañarnos durante os cen anos seguintes.

O Proxecto, transcendental tamén, aínda que non só, por inaugurar a forma de goberno republicano na historia política española, destaca, sobre todo, porque nel se contén a primeira alternativa á nación centralizada que edificara, no treito central do século XIX, o partido moderado. Deste xeito, e despois de enumerar os diferentes estados que conformaban a nación española, o texto de 1873 proclamaba que España era una República Federal, fixaba a estrutura dos poderes públicos da federación (as Cortes, os ministros, os xuíces e xurados e o presidente da República) e as súas facultades e regulaba, ao cabo, o papel constitucional dos diferentes estados federados: dotados de completa autonomía económico-administrativa e de «toda a autonomía política compatible coa existencia da Nación», cada un deles podía aprobar a súa Constitución (sempre compatible coa federal), nomear o seu Goberno respectivo, elixir as súas asembleas lexislativas por sufraxio universal e rexer a súa política propia en diversos eidos materiais que a propia Constitución determinaba. Tan ampla autonomía quedaba restrinxida, en todo caso, por varias prohibicións (os estados non poderían legislar contra os dereitos individuais, a forma republicana de goberno ou a unidade e integridade da patria; non poderían manter máis forza pública da precisa para a súa policía e seguridade interior; e non poderían federarse con outro ou outros estados da federación sen o consentimento dos parlamentos dos estados interesados e a sanción das Cortes federais) e por algunha taxativa obriga, entre as que cómpre subliñar que os estados deberían suxeitar as súas respectivas Constitucións ao xuízo e sanción das Cortes federais, que examinarían se aquelas respectaban os dereitos da personalidade humana, os límites de cada poder e os preceptos da Constitución federal.

A notable significación do Proxecto Federal de 1873, que, mirado no contexto da España do momento, presentaba unha indubidable carga utópica, non procederá tanto, así pois, da súa proxección histórica concreta, que foi xuridicamente nula ao non chegar aquel a ter vixencia, canto de que o mesmo apuntaba xa con claridade a existencia dunha cuestión –entón chamada rexional– que habería de intensificarse pouco e pouco. En 1895 fúndase o *Partido Nacionalista Vasco*, en 1901 a *Lliga Regionalista* catalana e en 1916 as *Irmandades da Fala*, feitos todos que, aínda nas súas diferenzas, rematarían por poñer de novo a reivindicación territorial

no primeiro plano da vida política española. De feito, tal foi un dos obxectivos básicos que habería de vertebrar, en boa medida –despois do longo período centralista da Restauración–, o proxecto da segunda tentativa que tería lugar no noso país para construír un Estado descentralizado: o que subseguíu á proclamación da II República española.

A Constitución de 1931 e o novo sistema político que con ela ía agromar enfrontaron, dende logo, os problemas fundamentais da construción estatal que previamente non conseguiran resolverse: desde o deseño dun réxime plenamente democrático, baseado na liberdade dos partidos e nun *auténtico* sufraxio universal (que, para selo, tiña tamén que incluír todas as mulleres), ata a configuración dun sistema de liberdades e dereitos protexidos pola Constitución, norma, pola súa parte, asegurada por un Tribunal de Garantías Constitucionais, pasando pola gravísima cuestión social, que obterá cumprida resposta constitucional nunha das declaracións de dereitos sociais e económicos máis avanzadas do seu tempo. E todo iso acompañado pola proclamación da aconfesionalidade do Estado, polo recoñecemento do dereito de sufraxio feminino ou polo principio de igualdade entre homes e mulleres. Mais, entre tantas e tan decisivas novidades, tamén o texto da II República, como antes o Proxecto da I, tratará de sentar as bases para, crebando a dura codia centralista do réxime da Restauración, atallar un xa entón aberto problema rexional, mediante a remodelación do Estado nacional que a República herdaba do pasado. Non obstante, as diferenzas entre as dúas normas constitucionais resultaban fundamentais neste eido concreto da cuestión territorial. E iso non só porque onde a de 1873 proclama un Estado *federal* a de 1931 declarábo *integral*, senón, sobre todo, porque o texto da II República, prefigurando o que acontecería case medio século despois no de 1978, non constitucionalizaba unha específica estrutura do Estado, de xeito que, mentres o Proxecto de Constitución Republicana Federal determinaba con toda claridade cales serían os novos estados federados que tras a súa entrada en vigor se crearían, a Constitución de 1931 limitábase a regular a posibilidade de que, de así o decidiren, as rexións españolas puidesen configurarse como autónomas.

Certamente, despois de proclamar no seu mesmo frontispicio que «a República constitúe un Estado integral, compatible coa autonomía dos Municipios e as Rexións», o texto da II República dedicará un título á «Organización Nacional», no que se conterán os elementos esenciais da nova orde territorial que pretendía construírse: proclamarase, por unha banda, o dereito das provincias que reunisen determinadas características a constituírse en rexións autónomas, presentando, con tal finalidade, o correspondente Estatuto de autonomía, norma esta que, como lei básica da organización político-administrativa da rexión autónoma, tería que tramitarse seguindo o procedemento e cumprindo as condicións fixadas ao respecto na Constitución; e fixarase tamén, por outra banda, un sistema de distribución de competencias mediante a enumeración, en primeiro lugar, das materias sobre as que o Estado reservaba para si a competencia de lexislación e execución directa e, tras elas, aquelas en que correspondía ao Estado a lexislación, podendo atribuírse ás rexións a execución, na medida da súa capacidade política, que as Cortes do Estado serían competentes para determinar. Malia que a Constitución establecía algunha prescrición adicional –como que en ningún caso se admitiría a federación de rexións autónomas; que nelas non podería regularse ningunha diferenza de trato entre os naturais dunha rexión e os restantes españois; ou que o Estado podería fixar, por medio dunha lei, aquelas bases ás que haberían axustarse as disposicións lexislativas das rexións autónomas, cando fose preciso para a harmonía entre os intereses locais e os xerais da República–, a verdade é que a Constitución nada dicía sobre a organización institucional que poderían ter as rexións, peza clave para determinar o grao e natureza da súa autonomía e, polo tanto, a intensidade real da descentralización do Estado.



Publicacións do Seminario de Estudos Galegos sobre o Estatuto de autonomía (1928 e 1931)

Tal incógnita foi moi pronto despxada pola redacción do primeiro Estatuto aprobado en aplicación da Constitución (o catalán de 1932), norma que dispoñía a existencia na rexión dun poder legislativo e dun poder executivo propios, existencia que demostraba o carácter federalizante do sistema que podería ter funcionado ao cabo en España como consecuencia da eventual xeneralización en todo o territorio das previsións constitucionais en materia de organización nacional. Non obstante, e como é ben sabido, tras a entrada en vigor do Estatuto catalán só se plebiscitaron os de Galicia e o País Vasco a mediados de 1936, poucos días antes do levantamento militar que deu lugar ao estalido da Guerra Civil, o que determinou, en primeiro lugar, que aqueles dous Estatutos xamais (Galicia) ou apenas (País Vasco) chegasen a aplicarse e, en segundo lugar, que todos os restantes proxectos de Estatuto que estaban por esas datas en fase máis ou menos avanzada de tramitación foran abandonados por completo. A devastadora contenda civil, de consecuencias desastrosas en todos os eidos, e a ditadura militar, coa que a Guerra rematou, encargáronse de frustrar de xeito dramático tantas esperanzas. Foi así como, despois do máis longo período autoritario da nosa historia contemporánea, volviamos os españois a estar, en certo senso, no punto de partida: coa maior parte dos problemas petando na porta novamente. Só á luz desta constatación pode entenderse que, tras o remate do franquismo, nacera un grande acordo nacional para facer as cousas doutro xeito: a Constitución de 1978 será, dende logo, froito dese afán.

Mais a vontade de amplo consenso con que se abordou o proceso constituínte de 1977-1978, moi diverso desde tan decisiva perspectiva de todos os que o precederon en España, non puido evitar que no específico eido da cuestión territorial fose manifestarse un punto de continuidade indubidable entre a nova Constitución e a precedente: e iso porque a reticencia fronte á autonomía que manifestaron nas Cortes da República incluso os partidos máis avanzados ía ter no Parlamento democrático da monarquía restaurada o seu correlato na falta de acordo dos constituíntes sobre o tipo de descentralización que debería implantarse en España no futuro. Previamente se apuntaba cal foi a tradución xurídica da citada reticencia republicana, a mesma que case medio século despois tería a falta de consenso, no específico eido da estrutura do Estado, dos deputados e



Reunión en 1932 no Pazo de Raxoi en Santiago de Compostela para preparar a Asemblea de Municipios, presidida por Raimundo López Pol e coa asistencia de E. Rajoy Leloup, L. Seoane, F. del Riego e A. Cuadrado, entre outros

senadores elixidos nos primeiros comicios democráticos posteriores ao franquismo: a non constitucionalización dun modelo pechado de descentralización territorial. Abonda, certamente, con comparar, nese sentido, a regulación contida no título I da Constitución de 1931 («Organización nacional») e a moito máis pormenorizada do título VIII da nosa vixente lei fundamental («Da organización territorial do Estado») para constataremos a existencia de significativas diferenzas, pero tamén de importantes continuidades entre elas. Polo que se refire ás diferenzas, cómpre salientar esencialmente o distinto grao de detalle con que un e outro texto regularon a materia: fronte aos 15 artigos do título I da Constitución de 1931, a de 1978 non só dedica ao asunto máis preceptos (un total de 19) senón que ademais estes resultan en case todos os casos máis prolixos que os do texto precedente, de xeito tal que, en realidade, o título VIII da nosa lei fundamental é tres veces máis extenso que o que dedicaba á «Organización nacional» a de 1931. O resultado final de tal contraste non é difícil de expresar: en comparación coa da II República, a nosa vixente Constitución non só regula con máis detalle os dous aspectos esenciais do modelo autonómico que no futuro podería constituírse en aplicación das súas previsións (o sistema de distribución competencial e a organización institucional das comunidades autónomas) senón que, ademais, e como consecuencia diso, fixa un grao de garantía do modelo que no texto de 1931 non existía. Non obstante, e segundo se apuntou, esas diferenzas non alcanzaron unha peza fundamental do deseño descentralizador que, en ambos os dous casos, partía do que hoxe coñecemos como *principio dispositivo*, ou, o que o mesmo, do principio de que a decisión de acceder ou non á autonomía quedaba a disposición dos diferentes territorios, pois serían estes os que poderían impulsar, segundo a súa libre vontade, o proceso descentralizador cara ao autogoberno seguindo as prescricións contidas no texto das Constitucións. A mellor proba da continuidade existente neste eido entre os textos de 1931 e 1978 ponse de manifesto no feito de que o precepto que fixa o aludido principio na segunda é case unha copia exacta do que facía o propio na primeira. «Se unha ou varias provincias limítrofes, con características históricas, culturais e económicas comúns, acordasen organizarse en rexión autónoma para formar un núcleo político-administrativo, dentro do Estado español, presentarán o seu Estatuto de acordo co establecido no artigo 12», dispoñía o parágrafo primeiro do artigo 11 da Constitución republicana, logo incorporado na súa esencia ao propio parágrafo primeiro do artigo 143 da nosa vixente lei fundamental: «No exercicio do dereito á autonomía re-

coñecido no artigo 2º da Constitución, as provincias limítrofes con características históricas, culturais e económicas comúns, os territorios insulares e as provincias con entidade rexional histórica poderán acceder ao seu autogoberno e constituírse en Comunidades Autónomas de acordo co previsto neste título e nos respectivos Estatutos».

Sobre a base do primeiro dos artigos citados foi aprobado polo pobo galego en 1936, tras un proceso de redacción e de longa tramitación parlamentaria non exento de conflitos, o Estatuto para Galicia, plebiscitado o 28 de xuño dese ano, é dicir, 19 días antes dun levantamento militar que impediu que puidese chegar a ter vixencia, ao rematar o Estatuto sen aprobar nas Cortes da República e ao quedar o territorio onde o texto tería que aplicarse *incorporado* de inmediato ao bando sublevado. Curiosamente, non obstante, a aprobación referendaria do Estatuto galego da República remataría por ter, nunha desas xogadas paradoxais da historia, unha moi relevante consecuencia, aínda que temporalmente diferida: a de que o Estatuto galego hoxe vixente, posto en marcha a partir do principio dispositivo contido no precepto da Constitución de 1978 que vén de citarse, fora tramitado en realidade por unha vía de acceso á autonomía diferente –máis rápida e menos dificultosa que a que seguiron a maior parte das restantes rexións autonómicas de España–, como consecuencia precisamente de plebiscitarse no pasado outro Estatuto. Deste xeito o preveu a disposición transitoria segunda da actual lei fundamental, segundo a cal os territorios que no pasado plebiscitasen afirmativamente Estatutos de autonomía e contasen, ao tempo de promulgarse a Constitución, con réximes provisionais de autonomía, gozarían de dúas substanciais vantaxes de partida: que poderían marchar cara a ela directamente pola chamada vía de acceso especial ou acelerada, que lles permitía, desde o momento da redacción das súas respectivas normas básicas, ampliaren o máximo as súas competencias sen ter que esperar cinco anos, como deberían facer as outras comunidades da vía lenta ou ordinaria; e, o que non era menos importante senón máis na precisa conxuntura en que se redactaron os tres Estatutos afectados pola citada transitoria (o do País Vasco, o de Cataluña e o de Galicia), que poderían conformarse coa organización institucional propia dunha autonomía verdadeira, organización que a Constitución de 1978 reservaba inicialmente só aos territorios que accedesen ao autogoberno a través desa referida vía especial acelerada. É certo que, moi pronto, tras os Pactos Autonómicos de 1981, esta última diferenza desaparecería, de xeito que todas as comunidades españolas rematarían por ter desde o principio unha organización institucional moi semellante, pero éo tamén que, no entanto, Galicia conseguiu acadar a súa autonomía formando parte do grupo de cabeza, cun Estatuto, o de 1981, que cobraba deste xeito, en certo modo, a débeda coa historia do que non puido entrar en vigor, entón había medio século, polas tráxicas circunstancias de todos coñecidas.

* * *

Os Estatutos galegos de 1936 e 1981 presentan, segundo o lector poderá comprobar coa análise dos seus textos, que conforman esta obra de conmemoración do setenta e cinco aniversario do primeiro e do trinta aniversario do segundo, notables semellanzas: trátase de normas moi breves (corenta artigos o Estatuto de 1936 e cincuenta e sete –e mais once disposicións finais e transitorias– o de 1981) e que regulan basicamente contidos esenciais moi semellantes: un título preliminar que contén principios xerais en materia de delimitación do territorio, lingua e dereitos dos galegos; un título sobre organización institucional que o Estatuto de 1936 rubrica «Poder rexional» e o de 1981 «Do poder galego»; outro título relativo ás «Atribucións da rexión» (1936) ou ás «Competencias de Galicia» (1981); e outro máis sobre «Facenda rexional» (1936) ou «Da eco-

nomía e da Facenda» (1981). A superior extensión do Estatuto vixente respecto do de 1936 explícase non só pola maior prolixidade con que se regulan algunhas das materias aludidas, senón tamén porque o primeiro dedica un título especial á Administración pública galega e outro á reforma estatutaria. Cómpre subliñar, en todo caso, que, do mesmo xeito que o vixente, o Estatuto de 1936 confórmase como unha norma ríxida, é dicir, que só pode ser modificada a través do procedemento especial de reforma nel previsto. Nese senso, a similitude entre os dous Estatutos ponse de novo de relevo, pois, xunto cunha modificación en profundidade, que deberá ser sempre aprobada tanto polo Parlamento galego como polas Cortes nacionais, ambos prevén a eventualidade dunha reforma que non afecte as relacións entre Galicia e o Estado, caso en que a reforma pode ser levada a cabo autonomamente polo Parlamento de Galicia.

Este breve percorrido polas semellanzas de dous textos estatutarios, que viñan, ao cabo, a desenvolver en maior ou menor grao o que respectivamente establecían as Constitucións que lle serviron de soporte a cada un, ficaría incompleto se non se deixase constancia ao mesmo tempo das súas diferenzas substanciais, expresión non só das que había entre dúas Constitucións –a de 1931 e a de 1978– senón tamén entre dúas épocas históricas. Certamente, tales diferenzas son expresivas dos moi distintos caracteres que, sobre todo no eido da organización dos poderes, existían entre o constitucionalismo de entreguerras (no que se inscriben tanto a Constitución de 1931 como o texto estatutario galego de 1936) e o constitucionalismo da segunda posguerra mundial, que racionaliza o parlamentarismo dun xeito que vén a simplificar e a facer máis funcional, en consecuencia, a relación entre os poderes legislativo e executivo, ben do Estado, ben das súas entidades rexionais. En tal senso, o esquema de poderes previsto no Estatuto vixente, que é unha translación practicamente automática do establecido na Constitución de que procede, determina que os poderes de Galicia se exercen a través do Parlamento, da Xunta e do seu presidente; que o Parlamento será elixido por sufraxio universal, libre, igual, directo e secreto polo corpo electoral galego; que o propio Parlamento elixirá, pola súa parte, o presidente da Xunta de Galicia e que este nomeará e separará libremente os membros do Goberno; e, finalmente, que a Xunta cesará nos casos de perda da confianza parlamentaria.

En contraste con tan sinxelo e funcional sistema de equilibrio de poderes, típico do parlamentarismo moderno, o texto do Estatuto galego de 1936 fixaba un moito máis complexo e de funcionamento previsiblemente conflitivo que, se non desenvolvía as previsións da Constitución de 1931 –pois, como xa se dixo, nada establecía aquela a tal respecto–, trasladaba en realidade en boa medida o seu esquema de poderes. Os de Galicia non serían tres (Parlamento, presidente da Xunta e Goberno galego), como acontece na vixente norma estatutaria, senón catro (Asemblea, presidente da Rexión, presidente da Xunta e Goberno galego) como consecuencia do feito de que o Estatuto de 1936, en perfecta reprodución do que facía pola súa parte a Constitución de 1931, establecía un executivo dualista, composto, por unha banda, polo presidente da Rexión (quen asumiría a representación de Galicia para todos os efectos) e, pola outra, polo presidente da Xunta e os seus membros, que serían nomeados e separados libremente polo presidente rexional. Tal duplicidade complicaba de xeito extraordinario todo o esquema de relación e balanza de poderes previsto na norma estatutaria: o presidente da Rexión –que sería elixido por votación popular directa e secreta para un período de catro anos renovable por un máis e non reelixible con posterioridade mentres non transcorresen catro anos de vacancia–, non só debería separar os membros da Xunta en caso de a Asemblea lles negar a súa confianza, senón que tiña, ademais, a facultade de disolver, por unha soa vez perante o seu mandamento, mais pola súa enteira conta, o órgano legislativo da rexión, o que podería abrir un gravísimo conflito entre legislativo e executivo, para cuxa solución o Estatuto fixaba dúas previsións: que se a nova Asemblea, por maioría absoluta, estimaba

Edición comentada sobre o Estatuto, publicada en Bos Aires en 1948 por Castelao



Publicacións divulgativas sobre o Estatuto de autonomía publicadas en Galicia nos anos setenta pola UCD e polo PCG



improcedente o decreto de disolución, consideraríase rematado o mandato presidencial; e que se a propia Asemblea, polo voto das súas tres quintas partes, declarase a súa incompatibilidade co presidente da Rexión, este cesaría nas súas funcións, someténdose o dito acordo á decisión do corpo electoral dentro do prazo de trinta días: se o resultado da consulta popular fose contrario ao acordo de censura de Asemblea, o presidente rexional recobraría de inmediato as súas funcións e o legislativo quedaría disolvido; no caso contrario, debería procederse á nova elección presidencial no termo de dous meses.

En plena coherencia coa cultura constitucional da época histórica en que foi redactado, o Estatuto de 1936 –e aquí residía unha nova diferenza substancial co hoxe vixente– concedía unha grande importancia aos mecanismos da democracia directa, o que se poñía de relevo non só na facultade, xa citada, do corpo electoral galego para referendar ou rexeitar a censura do presidente da Rexión por parte da Asemblea, senón tamén noutros dous eidos de significación indiscutible, consecuencia do feito, previsto no artigo 1º do Estatuto, de que o pobo galego, actuando directamente a través das formas nel previstas, configuraríase como un dos titulares das atribucións recoñecidas a Galicia: os electores poderían revogar, en consecuencia, o mandato dos seus deputados na Asemblea rexional mediante o procedemento que establecería no seu día unha lei especial; e poderían tamén ratificar ou rexeitar calquera lei votada pola Asemblea, sempre que fose solicitado dese xeito, nos trinta días posteriores á súa votación, por un número de electores non inferior ao quince por cento dos incluídos no censo. Xunto a estas particularidades, e xa para rematar esta breve análise das do texto estatutario que resultaban ser directa consecuencia do seu tempo, cómpre destacar dúas das súas máis peculiares previsións; a primeira, que alteraba o esquema clásico de división de poderes, atribuíu ao presidente da Rexión a facultade para resolver, previo informe dos organismos xurisdiccionais superiores, os conflitos de xurisdición entre autoridades xudiciais, administrativas e contencioso-administrativas dependentes do poder rexional; a segunda, que supoñía unha moi seria restrición do sistema de garantía das liberdades e dereitos, dispoñía que en casos graves e forzosos de desorde pública, a Xunta de Galicia podería suspender as garantías dos dereitos individuais, só no territorio e polo tempo que se estimase preciso para restablecer a normalidade, e todo coa única obriga xurídica (e, por tanto, limitación e control político) de informar de contado ao Goberno da República.



Entrega ao presidente Antonio Rosón do Anteproxecto de Estatuto de autonomía pola *Comisión dos 16*, formada polas forzas políticas que estaban a favor da autonomía (1979)

Ó cabo, e de todos os xeitos, a máis substancial das diferenzas entre o Estatuto galego de 1936 e o que este ano 2011 celebra o seu trinta aniversario reside no feito de que, á parte dos textos respectivos dun e doutro, o primeiro rematou simplemente nunha arela e o segundo veu a constituírse na base sustentadora dun desenvolvemento do autogoberno de Galicia que non ten, de certo, parangón en toda a súa historia. E é que, tras a aprobación do Estatuto de autonomía para Galicia, como Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, polas Cortes Xerais, puxéronse en vigor en tempo *récord* as súas principais previsións institucionais e materiais: o 20 de outubro de 1981 tiveron lugar as primeiras eleccións autonómicas galegas, das que saíu o Parlamento que elixiu o primeiro presidente da Xunta de Galicia –Gerardo Fernández Albor–, quen procedeu, tras o seu nomeamento oficial polo Rei de España, a designar a primeira Xunta de Galicia. De entón a acá, o resultado do proceso autonómico galego, que pode resumirse en que a nosa Comunidade Autónoma é hoxe un dos territorios non só español, senón tamén europeo, que goza de pleno autogoberno político, económico, social e cultural, pode ser medido igualmente en números claros e contundentes: o das sucesivas eleccións autonómicas galegas (as de 1981, 1985, 1989, 1993, 1997, 2001, 2005 e 2009); o dos presidentes da Xunta designados pola Cámara galega (ademais do citado Fernández Albor, Fernando González Laxe, Manuel Fraga Iribarne, Emilio Pérez Touriño e, o actual, Alberto Núñez Feijóo); o das leis, máis de trescentas, aprobadas polo Parlamento de Galicia –40 na primeira lexislatura (1981-1985), 42 na segunda (1985-1989), 44 na terceira (1989-1993), 44 na cuarta (1993-1997), 32 na quinta (1997-2001), 40 na sexta (2001-2005), 53 na sétima (2005-2009) e 29 nos anos 2009 e 2010 da actual lexislatura; o da aprobación das normas que precederon o desenvolvemento das fundamentais previsións estatutarias e a institucionalización de órganos básicos da nosa autonomía: ademais do Regulamento do Parlamento, aprobado o 14 de xullo de 1983, as seis leis de desenvolvemento básico aprobadas pola Cámara galega (1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente; 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística; 6/1984, do 4 de xuño, do Valedor do Pobo; 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas; 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia e, a máis tardía, 1/1988, do 19 de xaneiro, de iniciativa lexislativa popular ante o Parlamento de Galicia) e, xunto con elas, as outras cinco leis ordinarias que completaron o bloque normativo da lexislación de natureza institucional: as 1/1982, do 24 de xuño, de fixación da sede das institucións autonómicas de Ga-

licia (á que posteriormente se engadiría a 4/2002, do 25 de xuño, do Estatuto de capitalidade da cidade de Santiago de Compostela); 4/1983, do 15 de xuño, de recoñecemento da galeguidade; 5/1984, do 29 de maio, de símbolos de Galicia e, finalmente, 9/1995, do 9 de novembro, do Consello Consultivo de Galicia; ou, xa para rematar este sumarísimo reconto, os números da evolución orzamentaria da Comunidade Autónoma galega: os primeiros orzamentos –os correspondentes ao exercicio de 1981– ascenderon a unha cifra de 1666 millóns de pesetas; o crecemento nos anos sucesivos, calculado sempre en pesetas correntes, non deixa lugar a moitas dúbidas sobre a extraordinaria progresión dunhas cifras económicas que traducen mellor que calquera outra magnitude a dimensión do proceso descentralizador: o incremento do importe orzamentario será do 709% en 1982 e do 491% en 1983. Na década de 1984 a 1993, período durante o cal se producirán transferencias de gran relevancia económica, como as da educación universitaria e a sanidade, os incrementos orzamentarios, coa excepción do correspondente a 1986 (do 8%), serán sempre de dous díxitos: 1984 (33%), 1985 (20%), 1987 (39%), 1988 (23%), 1989 (20%), 1990 (25%), 1991 (45%) e 1992 (20%). A transferencia de competencias en materia de sanidade en 1990, que supoñerá a incorporación de máis de 22 000 empregados públicos, marcará, deste modo, un punto de inflexión, pois tras o alto incremento orzamentario de 1991, que supón case dobrar o importe dos orzamentos xerais de 1990, a partir de 1993 os incrementos experimentados polos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, na década seguinte, reduciranse a cifras porcentuais dun só díxito, o que constitúe unha proba evidente da culminación da parte esencial do proceso de traspasos: 1993 (9%), 1994 (9%), 1995 (7%), 1996 (4%), 1997 (6%), 1998 (6%), 1999 (6%), 2000 (6%), 2001 (8%), 2002 (6%) ou 2003 (5%). A significación final de todos os incrementos referidos parece dificilmente discutible: aquel magro orzamento inicial de 1666 millóns de pesetas con que botaba a andar a autonomía multiplicárase por 774 no período 1981-2003, polo que se converte nunha cifra espectacular de 7749 millóns de euros (1 289 325 114 de pesetas), crecemento que, aínda deflactado para corrixir o incremento derivado dos correspondentes índices anuais de inflación, ilustra dunha forma seguramente insuperable a envergadura e rapidez dun proceso descentralizador que, paralelo aos demais desenvolvidos en España, non ten probablemente parangón en ningún dos Estados europeos.

* * *

De feito, e este podería ser o punto de chegada da longa viaxe que ata agora relatamos, tras preto de trinta anos de profunda descentralización política e administrativa, España forma hoxe parte do grupo de Estados que teñen natureza federal. Tal afirmación, que segue non obstante a ser motivo de polémicas dentro do noso país no eido da política, é xa pacificamente aceptada pola práctica totalidade dos especialistas en federalismo, que veñen estudando a España, dende hai tempo, como un máis dos Estados federais que existen en Europa. É certo, claro, que o noso federalismo ten particularidades derivadas da súa xénese e da súa peculiar evolución ata o presente, pero isto pode dicirse ao cabo de todos os que existen no planeta. Niso, o noso federalismo non resulta, dende logo, diferente. En realidade, e coma nalgunha outra ocasión teño subliñado, o español configurouse, en certo xeito, como un federalismo construído *do revés*, é dicir, un federalismo en que a unidade e a centralización do Estado foron o punto de partida da futura descentralización, e non o obxectivo que conseguir a partir dunha situación de previa desunión territorial. Mais tan notable diferenza na súa xénese histórica a respecto dos modelos *canónicos* de Estado federal (Estados Unidos, Canadá ou Alemaña, por exemplo) non muda substancialmente, salvo nalgúns relevantes aspectos culturais (da cultura da sociedade civil),

a natureza material do produto resultante do inxente esforzo descentralizador e a prol do autogoberno rexional realizado en España nas tres últimas décadas.

En consecuencia, e se partimos, con Daniel J. Elazar, no seu clásico estudo *Exploración del federalismo*, de que o Estado federal é aquel en que se suman, ou mellor, no que se conxugan, autogoberno e goberno compartido, non caben dúbidas de que o español é un verdadeiro Estado federal, en primeiro termo, porque, á parte do local, existen dous poderes (o central e o autonómico ou, por utilizar a terminoloxía habitual noutros Estados como o noso, o federal e o federado), que se traducen nun amplo e xa ben consolidado urdido institucional de gran complexidade que converteu as autonomías en entidades políticas substantivas, dotadas en gran medida da organización institucional propia dos Estados (parlamentos elixidos por sufraxio universal, presidentes designados polos respectivos parlamentos rexionais, consellos de goberno democráticos de natureza parlamentaria, e tribunais superiores de xustiza) e dotadas igualmente dunha vida política autonómica propia e peculiar, que derivan da existencia de sistemas de partidos que non son unha mera reprodución rexional do que existe no conxunto do Estado e cuxa dinámica depende non só, pero si fundamentalmente, de datos que agroman no funcionamento político e institucional das institucións peculiares de cada territorio. Non debe esquecerse neste senso que, mentres que as 13 comunidades autónomas de vía xeral existentes en España levan a cabo as súas eleccións autonómicas nunha data coincidente (e que cadra, pola súa parte, coa de realización dos comicios locais no conxunto do país), nas catro comunidades que accederon á autonomía no seu día pola chamada vía especial (País Vasco, Cataluña, Galicia e Andalucía) os seus calendarios electorais respectivos resultan totalmente independentes e rematan en función unicamente do transcurso do período do mandato parlamentario fixado legalmente ou, de darse o caso, da eventual utilización polo presidente desas comunidades da súa facultade de disolución anticipada da Cámara autonómica.

Mais o español é tamén un Estado federal, en segundo termo, porque en España existe unha división horizontal de competencias entre o Estado central e os entes descentralizados (federados) por virtude da cal eses entes teñen non só capacidade de legislar, como xa previamente se referiu ao apuntar un breve balance da cantidade de normas aprobadas polo Parlamento galego, senón tamén de executar no máis amplo sentido da palabra –gobernando, administrando e ditando disposicións regulamentarias ao respecto– sobre eidos dunha indubidable importancia material: a ordenación das institucións autonómicas de autogoberno; a organización administrativa; a educación e a cultura; a sanidade e a política social; o medio natural; o comercio, a economía e as finanzas; a agricultura, a gandería e a pesca; a lexislación civil, mercantil ou laboral; a policía; o urbanismo, a vivenda, o ordenamento do territorio e os transportes; ou, sen que esta relación esgote o ámbito competencial autonómico, as relacións exteriores. En todo caso, quizais a mellor proba, obxectiva por cuantificable, da significación da transferencia competencial do Estado central aos entes rexionais, e da efectividade do principio de división federal que vén a determinala, resida na súa dimensión económica no conxunto do gasto público estatal. E iso porque tal repartimento entre a Administración central e as administracións territoriais experimentou, en poucos anos, unha modificación impresionante dende que o sistema comezou a funcionar. Sirvan algúns datos como exemplo: en termos de contabilidade nacional, o gasto xestionado pola Administración central (excluída a seguridade social) supoñía en 1982 o 53% do total do gasto consolidado das administracións públicas, mentres que en 1996 caía ata o 37% e reducíase pouco despois, en 2003, ao 24%. Paralelamente, a proporción de recursos xestionados polas administracións territoriais foise incrementando a gran velocidade, desde o 14% de 1982 ata o 45% de 2003, porcentaxe esta que se repartía entre un 32% para as comunidades autónomas e un 13% para as corporacións locais.

Sesión constitutiva do primeiro Parlamento de Galicia, que tivo lugar no Pazo de Xelmírez, o 19 de decembro de 1981 (fotografías de Xurxo Lobato)



En plena coherencia con ese novo repartimento, tamén a función pública experimentará cambios de grande envergadura: a relación entre funcionarios estatais e autonómicos, que era en 1986 de 903 000 por 720 000, invertíase con toda claridade á altura do ano 2004: 514 264 (o 23% del total) para a Administración central, fronte a 1 159 951 para as autonomías (o 49%). A evolución dos datos porcentuais ao longo dese período de consolidación indica, ademais da importancia cuantitativa do cambio xerado polo asentamento do Estado federal na función pública española, a celeridade con que este rematará por producirse: en 1999 correspondíalle ao Estado central o 41% do persoal ao servizo das administracións públicas e ás comunidades o 31% (23% para a Administración local); a mediados de 2002 –despois de que a comezos dese ano tivera lugar o traspaso da sanidade ás dez comunidades que aínda non o tiñan asumido– correspondíalle ao Estado central o 24% do persoal e ás comunidades autónomas o 48% (23% para a Administración local); en 2004, en fin, os datos indicaban que a porcentaxe de empregados era na Administración central do Estado do 23% e do 49% na das comunidades autónomas, correspondéndolle o 24% á Administración local.

O español é, para rematar, un Estado federal porque, máis alá de organizarse sobre a base do principio federal nos eidos institucional e competencial, dispón dos mecanismos de garantía institucional e constitucional propios do federalismo, o que resulta decisivo á hora de fixar a natureza –federal ou non– dunha unidade política descentralizada. Deste xeito, a descentralización está xuridicamente garantida no noso sistema autonómico pola Constitución e polos Estatutos que se derivan desta: é dicir, polas principais normas conformadoras do que se coñece tecnicamente como o *bloque da constitucionalidade*. Esa garantía federal cobre, como é lóxico, os dous elementos do autogoberno mencionados ata agora: por unha banda, a organización institucional das autonomías, que non pode ser alterada unilateralmente polo Estado central, pois a facultade para organizar as institucións de autogoberno é competencia exclusiva das comunidades; pola outra, a garantía federal cobre, tamén, a distribución de competencias entre o Estado central e as comunidades autónomas que o conforman, distribución que, ademais de estar xuridicamente asegurada en cada unha delas polas previsións da Constitución e dos respectivos Estatutos, será defendida, de ser o caso, polos órganos que garantan a súa correcta aplicación e, de xeito moi destacado, polo Tribunal Constitucional. Como é obvio, a amentada garantía reside en primeiro termo na propia rixidez da Constitución, que non pode ser modificada se non seguindo os procedementos de reforma –ambos os dous gravosos e complexos– previstos nos seus artigos 167

(reforma normal) e 168 (revisión agravada). A rixidez constitucional configúrase, polo tanto, como un útil instrumento dirixido a dificultar calquera tentativa das Cortes Xerais de modificar as previsións constitucionais coa finalidade, aberta ou subrepticia, de alterar a estrutura organizativa ou competencial comunitaria. Mais a garantía federal da autonomía derívase tamén, e podería dicirse que dun xeito moi especial, do feito de que os Estatutos de autonomía non poden ser alterados sen a manifestación de vontade das comunidades autónomas, pois, en última instancia, calquera modificación estatutaria debe contar co apoio do respectivo Parlamento rexional, que ten, en consecuencia, a posibilidade de exercer un auténtico veto político e xurídico fronte ás propostas de reforma estatutaria que non dispoñan do seu voto por maioría reforzada. Tendo á vista que a citada reforma, salvo cando non afecte para nada as competencias estatais, debe ser tamén aprobada polas Cortes Xerais, a través de lei orgánica, non é difícil percibir a natureza pactada dos Estatutos, necesaria expresión dun dobre acordo político e dunha dobre maioría territorial.

* * *

En todo caso, e sexa cal for a posición que cada individuo ou partido político poida manter no eido do debate federal, semella indiscutible que o Estatuto de autonomía para Galicia, tras preto de trinta anos de normalizada práctica política e institucional, deu lugar a que a autonomía rematara por ser no noso territorio, ao igual que nas restantes comunidades autónomas españolas, unha parte máis da paisaxe cotiá, un tipo de paisaxe esa —a cotiá— que a forza de resultar habitual transfórmase, de feito, en invisible. Iso mesmo pasou, en certo modo, coa autonomía nas diversas comunidades que conforman o sistema autonómico español e, entre elas, por suposto, coa autonomía de Galicia: que a base de ser un fenómeno normal converteuse tamén en certo senso en *invisible*. Invisible non porque non se perciba, senón por todo o contrario: porque adoita percibirse como algo tan normal que non chama a atención, nin dos galegos que deberon afacerse a vivir nunha nova situación descoñecida para eles nin moito menos de todos os que naceron xa na Galicia autonómica actual. Ben pode dicirse, por iso, que tras trinta anos de descentralización estamos lonxe dos momentos conformadores en que as institucións autonómicas eran xulgadas pola súa *natureza* (polo seu carácter autonómico) e non polo seu *principio* (pola xestión positiva ou negativa que realizaban). E é que, por continuar coa célebre distinción de Montesquieu, cando as autonomías comezaron a súa andaina, a percepción social maioritaria dunha cidadanía que contemplaba cando menos sorprendida un fenómeno completamente novo reducía as institucións autonómicas á súa *natureza* (o que as facía ser tales) sen ter case en conta para nada o seu *principio* (o que as faría actuar no futuro). Na altura do ano 2011, pola contra, e con poucas excepcións, xa practicamente todo o mundo xulga a actuación das institucións autonómicas polos seus resultados, medidos en termos de eficacia de xestión, facendo, en conclusión, coas institucións autonómicas, o mesmo que se fai coas institucións locais ou coas institucións centrais do Estado, respecto das cales ninguén se formula a súa inutilidade ou utilidade, senón tan só o acerto ou desacerto da particular xestión realizada polos que as dirixen concretamente en cada caso. A constatación desa realidade resulta posible, polo demais, botando man de datos sociométricos, que, alén de críticas xustificadas e insatisfaccións explicables con este ou o aquel outro aspecto da evolución do sistema autonómico español, demostran, en termos xerais, o asentamento social do noso Estado das autonomías. Un Estado que se *estreu* en Galicia hai trinta anos coa posta en vigor dun dos dous Estatutos que agora, con gran pracer, presentamos aos lectores.

O ESTATUTO DE 1936

Reproducción facsimilar do *Estatuto de Galicia*, co texto aprobado pola Asamblea Regional de Ayuntamientos realizada en Santiago de Compostela en decembro de 1932, que foi plebiscitado en xuño de 1936, coa tradución ao galego enfrontada nas páxinas pares.

ESTATUTO DE GALICIA

QUE LA

ASAMBLEA REGIONAL DE AYUNTAMIENTOS

CELEBRADA EN

SANTIAGO DE COMPOSTELA

DURANTE LOS DIAS 17, 18 Y 19 DE DICIEMBRE DE 1932,
ACORDÓ PROPONER A LA VOTACIÓN DE LOS ELECTORES,
CONFORME AL ARTÍCULO 12 DE LA CONSTITUCIÓN



TIPOGRAFÍA
«EL ECO DE SANTIAGO»
1932

TÍTULO I*

PRELIMINAR

Artigo 1.º Galicia organízase como rexión autónoma no Estado español, consonte a Constitución da República e o presente Estatuto.

O seu territorio é o dos municipios comprendidos dentro dos actuais límites administrativos das catro provincias da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra.

Art. 2.º Poderá agregarse a Galicia calquera territorio limítrofe de características históricas, culturais, económicas e xeográficas análogas, mediante os requisitos que as leis xerais establezan.

Art. 3.º Para os efectos deste Estatuto, consideraranse galegos: os que o sexan por natureza e non adquirisen veciñanza administrativa noutro territorio da República, e os demais españois que gañen veciñanza en Galicia.

Os dereitos individuais serán en Galicia os definidos pola Constitución da República.

Os españois non comprendidos no primeiro parágrafo deste artigo, terán en Galicia iguais dereitos que os que teñan os galegos no resto do territorio español.

Art. 4.º Serán idiomas oficiais en Galicia, o castelán e o galego; pero nas relacións oficiais da Rexión con autoridades doutras Rexións e coas do Estado, usarase sempre o castelán.

Todo escrito que se presente a Tribunais e Autoridades redactado en galego, será reproducido en castelán cando o pida a parte interesada; e farase o mesmo en canto a resolucións e notificacións de todas clases.

As copias de documentos redactados en lingua rexional, que os fedatarios expidan en castelán, ben por instancia de parte ou ben porque produzan efectos fóra de Galicia, deberán conter tamén o texto galego.

Os funcionarios que se designen para actuar na Rexión deberán acreditar coñecemento da lingua galega.

* A versión galega deste texto do Estatuto de Galicia aprobado polos Concellos na Asemblea do 19 de decembro de 1932 realizouse de conformidade coas *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* do ano 2003, respectando no posible as características morfolóxicas, sintácticas, léxicas e de puntuación do texto orixinario, así como os trazos da linguaxe xurídico-administrativa e lexislativa da época. (Nota do traductor).

TÍTULO I

PRELIMINAR

Artículo 1.º Galicia se organiza como región autónoma en el Estado español, con arreglo a la Constitución de la República y al presente Estatuto.

Su territorio es el de los municipios comprendidos dentro de los actuales límites administrativos de las cuatro provincias de La Coruña, Lugo, Orense y Pontevedra.

Art. 2.º Podrá agregarse a Galicia cualquier territorio limítrofe de características históricas, culturales, económicas y geográficas análogas, mediante los requisitos que las leyes generales establezcan.

Art. 3.º A los efectos de este Estatuto, se considerarán gallegos: los que lo sean por naturaleza y no hayan adquirido vecindad administrativa en otro territorio de la República, y los demás españoles que ganen vecindad en Galicia.

Los derechos individuales serán en Galicia los definidos por la Constitución de la República.

Los españoles no comprendidos en el primer párrafo de este artículo, tendrán en Galicia iguales derechos que los que tengan los gallegos en el resto del territorio español.

Art. 4.º Serán idiomas oficiales en Galicia, el castellano y el gallego; pero en las relaciones oficiales de la Región con autoridades de otras Regiones y con las del Estado, se usará siempre el castellano.

Todo escrito que se presente a Tribunales y Autoridades redactado en gallego, será reproducido en castellano cuando lo pida parte interesada; y lo mismo se hará en cuanto a resoluciones y notificaciones de todas clases.

Las copias de documentos redactados en lengua regional, que los fedatarios expidan en castellano, bien a instancia de parte o porque hayan de producir efectos fuera de Galicia, deberán contener también el texto gallego.

Los funcionarios que se designen para actuar en la Región deberán acreditar conocimiento de la lengua gallega.

TÍTULO II

PODER REXIONAL

Art. 5.º As atribucións recoñecidas a Galicia neste Estatuto, serán exercidas por unha Asemblea lexislativa, polo Presidente da Rexión, e por un órgano de goberno que se denominará Xunta de Galicia; ou polo Pobo directamente actuando en calquera das formas que establecen os artigos 6.º e 10 deste título. A función xudicial será exercida por Xurados, Xuíces e Tribunais, consonte o que as súas leis orgánicas determinen.

Art. 6.º A Asemblea compoñerase de Deputados elixidos por sufraxio universal, igual, directo e secreto, de acordo cun sistema de representación proporcional, e para un período de tres anos.

Reunirase, sen que sexa precisa convocatoria especial, os días primeiro de abril e primeiro de outubro de cada ano, e, ademais, con carácter extraordinario, nos casos que sinala a súa lei orgánica, sen que poida ser suspendida nas súas funcións.

Os deputados da Asemblea, gozarán de inmunityde polos votos e polas opinións que emitan no exercicio do seu cargo; e o seu mandato poderá ser revogado polos electores mediante os requisitos que estableza unha lei especial.

Art. 7.º O Presidente da Rexión asumirá a representación de Galicia para todos os efectos; e a do Estado nas funcións cuxa execución directa lle corresponda a este.

Será elixido por votación popular, directa e secreta, para un período de catro anos, e poderá ser reelixido na mesma forma para outro período igual. Ao rematar este segundo mandato, non será elixible ata que transcorran catro anos máis.

Nos casos en que quedar vacante a Presidencia, asumirá provisoriamente as súas funcións o Presidente da Asemblea, a quen substituirá o Vicepresidente desta, e, dentro do prazo de dous meses, deberá procederse á elección presidencial.

Art. 8.º A Xunta de Galicia compoñerase do número de membros que a Asemblea determine. O Presidente da Rexión nomeará e separará libremente o Presidente da Xunta e, por proposta deste, os seus membros. Deberá separalos no caso de que a Asemblea lexislativa lles negar, explicitamente, a súa confianza.

Art. 9.º O Presidente de Galicia, poderá disolver a Asemblea, por unha soa vez durante o seu mandato, mediante decreto motivado, e convocando, asemade, novas eleccións, que haberán realizarse dentro do prazo de sesenta días. De estimar a nova Asemblea, por maioría absoluta, improcedente o decreto de disolución, considerarase rematado o mandato presidencial.

TÍTULO II

PODER REGIONAL

Art. 5.º Las atribuciones reconocidas a Galicia en este Estatuto, serán ejercidas: por una Asamblea legislativa, por el Presidente de la Región, y por un órgano de gobierno que se denominará Junta de Galicia; o por el Pueblo directamente actuando en cualquiera de las formas que establecen los artículos 6.º y 10 de este título. La función judicial se ejercerá por Jurados, Jueces y Tribunales, con arreglo a lo que sus leyes orgánicas determinen.

Art. 6.º La Asamblea se compondrá de Diputados elegidos por sufragio universal, igual, directo y secreto, según un sistema de representación proporcional, y para un período de tres años.

Se reunirá, sin que sea precisa convocatoria especial, los días primero de abril y primero de octubre de cada año, y, además, con carácter extraordinario, en los casos que señale su ley orgánica, sin que pueda ser suspendida en sus funciones.

Los diputados de la Asamblea, gozarán de inmunidad por los votos y opiniones que emitan en el ejercicio de su cargo; y su mandato podrá ser revocado por los electores mediante los requisitos que establezca una ley especial.

Art. 7.º El Presidente de la Región asumirá la representación de Galicia para todos los efectos; y la del Estado en las funciones cuya ejecución directa corresponda a éste.

Será elegido por votación popular directa y secreta, para un período de cuatro años, y podrá ser reelegido en la misma forma para otro período igual. Terminado este segundo mandato, no será elegible hasta que transcurran cuatro años más.

En los casos en que vacare la Presidencia, asumirá provisionalmente sus funciones el Presidente de la Asamblea, a quien sustituirá el Vicepresidente de ésta, debiendo procederse, dentro del plazo de dos meses, a elección presidencial.

Art. 8.º La Junta de Galicia se compondrá del número de miembros que la Asamblea determine. El Presidente de la Región nombrará y separará libremente al Presidente de la Junta y, a propuesta de éste, a los miembros de la misma. Deberá separarlos en el caso de que la Asamblea legislativa les negare, explícitamente, su confianza.

Art. 9.º El Presidente de Galicia podrá disolver la Asamblea, por una sola vez durante su mandato, mediante decreto motivado, y convocando, al mismo tiempo, nuevas elecciones, que habrán de celebrarse dentro del plazo de sesenta días. Si la nueva Asamblea,

Cando a Asemblea, polo voto das súas tres quintas partes, declarase a súa incompatibilidade co Presidente, este cesará nas súas funcións, e someterase o devandito acordo á decisión do corpo electoral dentro do prazo de trinta días. Se o resultado for contrario ao acordo, o Presidente recobrará inmediatamente as súas funcións e a Asemblea quedará disolta; noutro caso, deberá procederse a nova elección presidencial no termo de dous meses.

Art. 10 Toda lei votada pola Asemblea será sometida a *referendum* popular, cando o soliciten, dentro dos trinta días seguintes á súa votación, un número de electores non inferior ao quince por cento dos comprendidos no censo.

A Asemblea queda obrigada a deliberar sobre calquera proposición de lei que formule perante esta igual número de electores.

Art. 11 O Presidente da Rexión e mais o Presidente e os demais membros da Xunta de Galicia, serán responsables, civil e criminalmente, perante o Tribunal de Garantías da República, polas infraccións da Constitución, deste Estatuto e das leis.

Art. 12 Para os efectos deste título, unha lei especial da Rexión determinará a división electoral do seu territorio sen contradicir a lexislación do Estado, e regulará a forma en que os galegos residentes no estranxeiro, que non perdesen a condición de españois, poderán estar representados na Asemblea.

Art. 13 A Administración de Xustiza poderá ser organizada pola Rexión, agás nas ordes militar e da Armada, de conformidade cos preceptos da Constitución e as leis procesuais e orgánicas da República; e así mesmo será da súa competencia a determinación das demarcacións xudiciais de toda orde dentro do territorio galego.

A Rexión nomeará os Xuíces e Maxistrados en toda a xurisdición de Galicia, mediante concursos entre os funcionarios da escala xeral do Estado.

